

ENTRUDO GERÊS - XURÉS



PATRIMONIO

O Entroido goza dunha amplo e valiosísimo patrimonio que perdura no tempo



TRADICIÓN

A importancia de preservar as nosas tradicións ancestrais fai do Entroido unha festividade única



IDENTIDADE

As aldeas e as súas xentes celebran a súa identidade propia a través do Entroido



ENTROIDO DA RAIA

Portugal e a Galiza comparten a mesma tradición, separadas por unha raia fronteiriza que non fai máis que afianzar os seus lazos irmás. Unha cultura e tradicións en común, os lares, as danzas, as verbas... O sentimento de irmandade nunca desapareceu e latexa en cada unha das súas festividades, como son os Entroidos.

UN PROXECTO EN COMÚN

Portugal e Galiza, Gerês e Xurés, únense nos seus entroidos arraianos como unha forma de evocar as súas tradicións máis antigas, cando estos pobos estaban aínda máis unidos.

Este proxecto bota a andar coa ilusión dun grupo de soñadoras e soñadores que desexan que o Entroido deste territorio cobre forza, sentimento e unha identidade ancestral.



FARRANGALEHIROS e FARRAPEIROS

CASTRO LABOREIRO

En Castro Laboreiro, terra de xentes fortes e adaptadas á paisaxe, a cultura rica en historias e tradicións contan vivencias doutroa, con rituais simbólicos de orixes perdidas no tempo e que foron pasando de xeración en xeración.

O Entroido de Castro perdurou como unha das festas máis participativas da freguesía, con danzas e máscaras en diferentes rincóns, como as eiras das aldeas. A súa gastronomía, rica en produtos da terriña, era a fartura como símbolo da súa identidade.

Anunciaban a festa con bombas e foguetes e percorrían os camiños e entraban nas casas, meténdose con todos, os mozos e os velhos.

A figura deste entroido é o Farrangalheiro, as mulleres solteiras que saían á rúa traxeadas a rigor co tradicional saiote vermello castrexo. Levaban un pau, un animal ou outros elementos provocadores. Tamén os homes participaban, vestidos de Farrapeiros.

O elemento máis representativo está constituído polos "Garruços", chapeus de cartón en forma de cono e decorados con fitas e enfeites, da que baixa unha gasa de tea que cubre o rostro dos Farrangalheiros.

Tamén nalgúns lugares é queimado o Santo Entrudo.





FOLLATEIROS E FOLLATEIRAS

LOBIOS

Recuperada da tradición oral, a máscara dos follateiros de Lobios regresa a un pasado esquecido, onde as xentes usaban os elementos da natureza ou simples farrapos de roupa, para celebrar o entroido. A memoria desta xente conta que aquí usaban o millo, máis concretamente os follatos, para tapar aqueles rotos que presentaban as roupas vellas que tiñan pola casa, cubrían os seus rostros e saían polas rúas facendo soar os seus chocallos, tal e como Xocas deixou reflexado anos atrás.

A tradición oral conseguiu que a máscara do follateiro poida existir a día de hoxe e que o entroido en Lobios poida comezar a cobrar o máis tradicional dos sentimentos.

Dende o Sábado ao Martes de Entroido, os follateiros percorren as aldeas das diferentes parroquias de Lobios, anunciando o Entroido co son das súas chocas, faldricando os homes as saias das mulleres e entrando nas casas para seren invitados a unha copiña de licor. Desta forma achegan o Entroido ás xentes das aldeas e celebran a vida danzando e berrando.

O Martes de Entroido é o día grande de Lobios, co desfile polas rúas onde os Follateiros son acompañados por outras máscaras da zona.

CABREIROS

MUIÑOS

O traxe tradicional dos Cabreiros, procede da aldea de Vilar de Cas, limítrofe coa Limia. Xeracións atrás as súas xentes quixeron conmemorar o entroido cun traxe propio, así naceu o Cabreiro. A súa máscara representa a gandería típica da zona co gando caprino. Contan que os cabreiros baixaban das montañas o sábado do Entroido para loitar entre eles nunha danza-ritual, simulando escornarse para, finalmente, separarse na súa danza-ritual.

Este traxe empregábase nestes días para troulear polo pobo e así mocear e faldrear os mozos ás mozas, con motivo da festa e baixo o anonimato da máscara que lles cubría o rostro. Para tal menester, empregaban a vara que contiña o rabo dun raposo.

Característico do traxe é tamén o zurrón, a capa negra ou as chocas que fan soar o entroido polas rúas. Nos seus tempos máis ancestrais, a máscara era feita coa estrutura ósea da propia cabra e a capa feita coa pel dun becerro.

Na actualidade, o Sábado do Entroido segue sendo o día no que os Cabreiros celebran o entroido polas rúas de Muiños, visitando as aldeas das parroquias e anunciando o entroido co son das súas chocas.





CARETOS e FARRAPOES

PITOEAS DAS JÚNIAS

O Entroido de Pitoes é unha festividade de inverno, non relixiosa e relacionada fortemente coas vivencias das persoas. Esta festividade estivo a piques de desaparecer, mais agora volve ser protagonista neste territorio, coa colaboración e orgullo polas súas tradicións dos pitonenses.

Os días típicos son o Domingo Magro, Sábado Filhoeiro, Domingo Gordo dos Pastores e Terça-feira do Entroido. Ao longo destes días, as persoas desfíanse a tocar cornos como a chamada para que as xentes baixen danzar ás cortes, aos fiadeiros.

Sen hora marcada, pola noite podemos atoparnos cos Farrapoes, Caretos ou o seu Guardián, que van de fiadeiro en fiadeiro e visitan ás xentes nas súas casas.

Os Farrapoes poden vestir co que queiran e acompañanse con chocallos e campañas e cúbrense o rostro con teas para non ser recoñecidos.

Os caretos visten roupas boas (típicas da aldea) ou de branco e, tamén, ten a obriga de tapar a cara cunha tea, para ser irrecoñecibles.

O entroido de Pitoes é rico en Patrimonio Cultural: as danzas, o fiadeiro, os chocallos, a lingua portuguesa, os cornos, os panos de renda ou as filhoas.

Dende o 2006 Pitoes voltou consolidar o seu entroido no seu formato máis tradicional e auténtico e seguen traballando para que esta festividade siga afianzándose como parte da súa personalidade como pobo.

FELIPEIROS

TOUREM

O Entroido de Tourem comeza o Domingo Gordo, cunha disputa entre "Lages" e "Outeiro", os barrios da aldea, competindo entre eles para ver cal das zonas tiña a maior capacidade creativa.

Un dos traxes máis usados ´era o de Felipeiro, personaxe peculiar do Entroido de Tourem xa hai anos.

Rapaces e raparigas vestiáanse con corozas, roupas vellas, galochas ou socos, cubríndose o rostro cun pano rendado (napperon) para seres irrecoñecibles. O Felipeiros tamén vestiáanse de varias profesións rurais.

Co paso do tempo foise perdendo o costume de usar corozas para traballar, pasando soamente a cubrirse o rostro e usar roupas vellas. Se ven esta tradición segue manténdose e é un elemento de grandioso valor.

O feito de estar totalmente cubertos e non ser recoñecidos, proporcionaba á brincadeira e daba para pregar partidas sen que se soubese o autor.

Un momento destacado era o casamento, coas figuras do clero, os noivos e padriños. O resto da comunidade asistía á celebración para ouvir as tolerías que ían dirixidas á sociedade en xeral e aos moradores desta aldea, sendo algunhas moi traicioneiras, máis como di o dito... "É carnaval, ninguém leva a mal".





MADAMITAS E MADAMITOS

ENTRIMO

Tamén chamados Xigantes ou Galáns.

Esta máscara ridiculiza e busca o escarnio dos señores e señoritas da época, moi refinados nos modales e no vestir, pero que nalgúns casos a súa economía non ía parella á súa imaxe.

Con este fin a xente vestíase sacadano ao exterior a roupa interior feminina, mesturada cun sombreiro de palla das labregas e alpargatas de esparto entre outros elementos.

O traxe do home ten un xeito afeminado, con calzóns de puntilla, capa curta, bigotes esaxeradamente longos e un chapeu cónico de cartón, semellando un bufón.

Estas máscaras desfilaban o Domingo de entroido acompañadas sempre dun gaiteiro coa cara pintada de negro que ía abrindo o desfile, seguido dos cabezudos e dun carro tirado por bois e adornado coas flores das mimosas. Seguido ían as madamitos e madamitos e pechando a comitiva os Frandulleiros, unha máscara vestida de vella ou vello, levando cestas de borrado que tiraba á xente ao pasar.

PAI VELHO

LINDOSO

Unha celebración sen igual no territorio. O cortexo está composto por dous carros de bois, o carro das ervas e o carro onde vai o Pai Velho.

O carro do entroido representa o inverno, decorado con palla de centeo, papel e ramos de flores en representación do inverno.

O carro das ervas representa a primaveira, decorado con ramos de cedros, mimosas e japoneiras, representando a fertilidade e a ledicia.

Os carros percorren as rúas de Lindoso, na mañá do Domingo de entroido e son acompañados por decenas de foliós, concertinas e cantares. Ao rematar a misa, faise unha parte tipo teatro e bailes coas concertinas.

O baile a música continúa ao longo de todo a tarde e a noite, e sucédense entón os desafíaos e as xentes aparecen enmascaradas.

O Martes de Entroido aparece de volta o cortexo e de novo percorre os camiños da aldea, ficando os carros expostos ata o fin da tarde, cando comezan os bailes e as concertinas.

A noite faise o baile do corpo presente do Pai Velho, que é velado polas súas viúvas e a media noite faise a queima, seguido da lectura do testamento, que é aproveitado polo Pai Velho para deixar as herencias en tom de críticas e mofas dirixidas a varias institucións e xentes do lugar.





TROTEIROS e FEOS

BANDE

O Entroido de Bande ten a súa raigame no lonxícuo pasado da prehistoria, como asevera Fermín Bouza Brey.

O Troteiro érguese dende tempos atrás como a figura principal, co son das súas chocas percorre todas as aldeas do municipio para espertar a natureza e anunciar a chegada do Entroido aos veciños e veciñas.

O ciclo da comezo no Sábado Corredoiro entre música, doces de Entroido e licores que os veciños e veciñas ofrecen ao seu paso, abrindo as portas dos seus fogares para recibir o Entroido de cheo.

Logo, durante o Domingo e Martes de Entroido a festa continúa polas rúas de Bande.

Dende hai uns anos isto non remata aquí, xa que no Luns Feo os Farrapeiros ou Feos saen para levar o "Entroido" (bonecto de palla) a unha aldea veciña.

Nesta visita tamén acompaña o "Carneiro" que zopa a todo o que atopa ao seu paso.

E despois de tanta troula o Entroido chega á súa fin o Mércores, cando unha enorme sardiña rechea de palla se pasea polas rúas ata chegar ao lugar da súa queima, onde viúvas e capuchóns a despiden entre choros e prantos.



BANDE

O Entroido de Bande ten a súa raigame no lonxícuo pasado da prehistoria, como asevera Fermín Bouza Brey.

O Troteiro érguese dende tempos atrás como a figura principal, co son das súas chocas percorre todas as aldeas do municipio para espertar a natureza e anunciar a chegada do Entroido aos veciños e veciñas.

O ciclo da comezo no Sábado Corredoiro entre música, doces de Entroido e licores que os veciños e veciñas ofrecen ao seu paso, abrindo as portas dos seus fogares para recibir o Entroido de cheo.

Logo, durante o Domingo e Martes de Entroido a festa continúa polas rúas de Bande.

Dende hai uns anos isto non remata aquí, xa que no Luns Feo os Farrapeiros ou Feos saen para levar o "Entroido" (bonecto de palla) a unha aldea veciña.

Nesta visita tamén acompaña o "Carneiro" que zopa a todo o que atopa ao seu paso.

E despois de tanta troula o Entroido chega á súa fin o Mércores, cando unha enorme sardiña rechea de palla se pasea polas rúas ata chegar ao lugar da súa queima, onde viúvas e capuchóns a despiden entre choros e prantos.

